



# estrelamar

O libro Estrelamar 2, para segundo curso de Primaria, é unha obra colectiva concibida, deseñada e creada no Departamento de Edicións Educativas de Santillana Educación, S. L./ Edicións Obradoiro, S. L., dirixido por **Teresa Grence Ruiz** e **Ana María Guerra Cañizo**.

Na súa elaboración participou o seguinte equipo:

## TEXTO

**Raquel Colina Pérez, Aránzazu Méndez Pérez,  
Aurora Moral Santa Olalla, Lola Núñez Madrid,  
Antonia Perales Álvarez, Concha Romero Suárez,  
Xosé Antón G. Serén, Natalia Vázquez García,  
Tomás Verger Gallego**

## ILUSTRACIÓN

**Jesús Aguado Gutiérrez, Marta Álvarez Miguéns,  
Alademosca il·lustració, Javier Hernández Herranz,  
Carolina Temprado Battad**

## EDICIÓN

**Xosé Antón González Serén  
Aránzazu Méndez Pérez  
Lola Núñez Madrid**

## DIRECCIÓN E COORDINACIÓN EDITORIAL DE PRIMARIA

**Maite López-Sáez Rodríguez-Piñero**

# Mapa de contidos

		Lingua				
		Lectura	Ortografía e gramática	Escritura	Comunicación oral	Vocabulario
1	<b>Comezamos o colexio</b> O coñecemento dun mesmo A convivencia	Narración: <i>A vaca esquiadora.</i> Texto informativo: <i>O mellor amigo dun mongol.</i>	O punto e a maiúscula. A lingua.	Describirse un mesmo. Separar as palabras.	Identificar un personaxe. Presentarse. O <b>e</b> aberto e o <b>e</b> pechado.	Accións e movementos. Lingua popular: Cantiga popular.
		4				
2	<b>Vida saudable</b> Os alimentos A saúde	Narración: <i>O país das larpeiradas.</i> Texto poético: <i>A pota.</i>	Palabras con maiúscula. O abecedario.	Explicar como se prepara un batido. Non comer palabras.	Recoñecer información. Expresar preferencias. O <b>o</b> aberto e o <b>o</b> pechado.	Os alimentos. Lingua popular: Cantiga popular.
		30				
3	<b>Todos ao parque!</b> As persoas cambian O paso do tempo	Narración: <i>Rabela.</i> Texto informativo: <i>Sesión de beleza.</i>	Palabras con <b>c</b> e <b>qu</b> . Palabras e sílabas.	Escribir normas de hixiene. Diferenciar ben as letras.	Localizar un obxecto. Inventar slogans. O son <b>k</b> .	A hixiene. Lingua popular: Adiviña.
		56				
4	<b>Coidamos dos animais</b> O medio ambiente Os recursos naturais	Narración: <i>Por que os elefantes teñen trompa?</i> Texto poético: <i>Historia dun grilo.</i>	Palabras con <b>c</b> e <b>z</b> . A oración.	Describir animais. Escribir dentro da pauta.	Identificar onomatopeas. Responder preguntas. O son <b>z</b> .	Os animais salvaxes. Lingua popular: Cantigas de animais.
		82				
5	<b>Na ribeira</b> As persoas e a natureza	Narración: <i>A ostra que perdeu a súa perla.</i> Texto poético: <i>O crocodilo.</i>	Palabras con <b>g</b> e <b>gu</b> . O substantivo.	Comparar animais. Non comer letras.	Seguir instrucións. Facer preguntas. O son <b>g</b> .	O mar. Lingua popular: Refráns.
		108				

REPASO TRIMESTRAL. CELEBRO O NADAL . AUDICIÓNS.

Ciencias da Natureza	Ciencias Sociais	Saber facer	Repaso
<p>As persoas móvense. Coñecemos o que nos arrodea.</p>	<p>Vivimos en familia. Convivimos con moitas persoas.</p>	<p>Elaborar carteis coas normas da aula.</p>	<p>A lingua. A maiúscula e o punto. Accións e movementos. Ósos, músculos e articulacións. A familia. Convivencia.</p>
<p>As persoas somos seres vivos. Coñecemos os alimentos.</p>	<p>As necesidades das persoas. Dereitos e deberes.</p>	<p>Completar e analizar unha enquisa sobre a saúde.</p>	<p>Maiúsculas. Orde alfabética. Alimentos. A respiración. Procedencia e conservación de alimentos. Dereitos e deberes das persoas.</p>
<p>Nacemos e medramos. Saúde e enfermidade.</p>	<p>Lugares para compartir. A medida do tempo.</p>	<p>Escribir a historia da miña vida.</p>	<p>Palabras con <b>c</b> e <b>qu</b>. Sílabas e palabras. Etapas da vida. A saúde. Actividades de lecer.</p>
<p>Os seres vivos. O medio ambiente.</p>	<p>O consumo responsable. O diñeiro e o consumo.</p>	<p>Describir unha mascota.</p>	<p>Palabras con <b>c</b> e <b>z</b>. Formación de oracións. Características de animais. Problemas de diñeiro. As plantas e o medio ambiente. O consumo.</p>
<p>Estudamos o que nos arrodea. As persoas, os animais e as plantas.</p>	<p>Necesitamos o aire e a auga. Coidamos a auga e o aire.</p>	<p>Facer un caderno de campo.</p>	<p>Palabras con <b>g</b> e <b>gu</b>. Substantivos. Calidades dun observador. Relación entre animais, plantas e persoas. O aire e a auga.</p>

# 1

## Comezamos o colexio



➔ SABER FACER



**TAREFA FINAL**

Elaborar carteis  
coas normas da aula.



taboleiro



compañeiro



conserxe



horario



saúdo



caixa de suxestións



## Falamos

**1** Que fan os nenos que aparecen na lámina?  
E os adultos? A onde irán? Onde estarán as aulas?

**2** Observa a lámina e di onde se encontran cada un destes lugares e explica por que o sabes.

**AULA DE INFORMÁTICA**

**ASEOS**

**LABORATORIO**

**3** Que zonas do colexio representan estas imaxes?  
Escribe os seus nomes. Como debes comportarte nelas?



**4** Relaciona e explica o que farías en cada caso.

Esqueceume o xersei  
no ximnasio.

● Escribo unha suxestión.

Non sei que hora é.

● Miro o reloxo.

Quero que na biblioteca  
haxa un libro que necesito.


● Falo co conserxe.

**5** Conta que tal está sendo a volta ao colexio despois das vacacións. Que é o que esperas deste curso?





# A vaca esquiadora




## EDUCACIÓN EN VALORES. Coidamos os animais.

- Coidaches algunha vez dalgún animal? Conta algún exemplo de bo coidado.

### PARA LER MELLOR

- Subliña as palabras que le mal a rapaza e leas ti ben.



Isto era una vez una rapaza moi precigueira que tiña un dedo máxico...



A granxa do señor Castañeira non é coma todas. Nela hai galiñas con salón de peiteado no poleiro, cochos con sauna fóra da corte, vacas cos seus cuartos individuais, cabalos con ximnasio... Ninguén se pode queixar.

Con todo, un día o señor Castañeira atopa unha vaca con aire preocupado. «Maruxa está doente» pensa e ve que non probou un bocado da ensalada de palla que están a cear as outras vacas. O granxeiro telefona o veterinario.

De mañá moi cedo, o veterinario entra pola porta da granxa. O señor Castañeira xa está a agardalo. Maruxa está moi, moi triste e dá mágoa vela.

–Sandará? –pregunta o señor Castañeira despois da revisión.

–Si... mais ten que mudar de aires –di o veterinario.

–Que hai que facer?

–Enviala á serra, á montaña, preto do ceo. Que vaia a Valbabuxa.

–Que é Valbabuxa?

–Valbabuxa é unha fermosa estación de esquí. Alí Maruxa poderá facerlles cóxegas ás nubes cos cornos.

E Maruxa fai a viaxe ata Valbabuxa. Chega á montaña, que por riba está cuberta de neve. Busca un prado no medio da montaña e pace e pace e pace.

Moi por riba da campá onde pace Maruxa está Miguel, un aprendiz de esquiador. Déixase caer pola pendente cuberta de neve. Cerra os ollos e... Catacroc! Fica a darlle unha boa aperta a unha árbore. Os esquís, emporiso, seguen a correr soños... e non poden parar. Ven unha cousa grande con cornos a comer na herba... Van dereitiños cara a ela e... xaaaf! Os pezuños da vaca encaixan nos esquís que lle pasan por debaixo. A vaca sobre os esquís baixa a toda velocidade. Pasan un prado e outro. Entón un excursionista con gorra de la crúzase no camiño e... puum! O excursionista remata enriba dunha figueira e a vaca segue para abaixo coa gorra enriba da testa. Non pode parar.


Un novo obstáculo aparece no camiño. É unha cadeira que colga dun cable e... clanch! Maruxa engánchase nela. A cadeira sobe e sobe... Chega ao cume e Maruxa esvara ao chan e descende pola neve cara abaixo. Cada vez vaino facendo mellor. Mais non sabe deterse. Non o pode evitar e métese nunha carreira de esquiadores. Adianta un, dous, tres... e por fin adianta o primeiro e... Maruxa gaña a carreira!

Finalmente, un señor de bigote dálle un premio á vaca que puido parar freando cun valado. É unha copa ben linda onde di que ela é a campioa.



# Traballo coa lectura

## 1 Marca. Que ten a granxa de Castañeira?



## 2 Relaciona cada onomatopea co que sucede en cada momento.

Miguel déixase caer pola pendente cuberta de neve e choca contra unha árbore.

Os esquís do aprendiz de esquiador encaixan nos pezuños de Maruxa.

Maruxa, sobre os esquís, crúzase cun excursionista con gorra e choca con el.

Maruxa engánchase nunha telecadeira que colga dun cable.

Xaaaf!

Catacroc!

Clanch!

Puum!

## 3 Numera. En que orde sucedeu?





 **4** Completa esta ficha sobre a lectura.

## Ficha da lectura

título

autor

resumo Maruxa estaba moi  e foi pasar uns días a unha  de esquí. Alí, de casualidade, participou nunha  e .

## AO FÍO DA LECTURA

 **5** Pinta.

- Cantos corredores adiantou Maruxa na carreira? ▶
- En que posición acabou Maruxa a carreira? ▶
- Cantos chegan á meta antes ca ti se quedas sétimo? ▶

 **6** Conta e marca. Onde hai unha ducia de copas?



# As persoas móvense



Para mover o corpo necesitamos os **ósos**, as **articulacións** e os **músculos**.

## Os ósos

No interior do noso corpo encóntranse os **ósos**. Todos os ósos do corpo forman o **esqueleto**. Os ósos son **duros** e **ríxidos**. Serven para dar forma ao corpo e para protexer algunhas partes delicadas, como o cerebro e o corazón. Os ósos non se poden dobrar.

## As articulacións

As articulacións son as unións entre os ósos. Permítenos dobrar o corpo. Temos moitas articulacións no noso corpo, por exemplo:


- No tronco están os **ombros** e a **cadeira**.
- Nos brazos están o **cóbad**o e o **pulso**.
- Nas pernas están os **xeonllos** e os **nocellos**.

## Os músculos


Recobren o esqueleto e están debaixo da pel. Os músculos son **elásticos** e pódense estirar sen romper. Os músculos son moi fortes.

► Arrodea de vermello todos os nomes de articulacións.

## Ósos



## Músculos



**1** Escribe *verdadero* ou *falso* onde corresponda.

Os ósos forman o esqueleto. ▶


Podemos dobrar os ósos. ▶

O xeonllo é unha articulación. ▶

Os músculos son duros. ▶

**2** Por onde dobramos o corpo? Escribe.

ombro    cintura    pulso    xeonllo    pescozo    nocello



**3** Contesta.

Que parte do esqueleto protexe o cerebro?

Que parte do esqueleto protexe o corazón?



Os ósos, as articulacións e os músculos permítennos mover o corpo. Os ósos son duros e forman o noso esqueleto. Dobramos o corpo polas articulacións. Os músculos son elásticos e teñen moita forza.


# A lingua



Para escribir *Granxa Castañeira* no cartel, empregouse unha lingua. Para dicir *A vaca Maruxa está doente*, o granxeiro tamén utilizou unha lingua.

Cando falamos ou escribimos, utilizamos unha **lingua**. No mundo hai moitas linguas diferentes.

## 1 Clasifica. Que fai cada un?



• Falan ►

• Escriben ►

## 2 Le a información do cartel e responde.

• Cantas linguas distintas hai no cartel?

• Desas linguas, cales se falan en Galicia?



## 3 Escribe noutra lingua o que di a rapaza.



Adeus, rapaces!





**1** Escoita atentamente e marca. Quen é Uxío?



**2** Preséntate aos compañeiros completando estas oracións cos teus datos.

NOME ▶ Chámome...

IDADE ▶ Teño... anos.

ENDEREZO ▶ Vivo en...

AFECCIÓNS ▶ O que máis me gusta facer é...

## PARA FALAR MELLOR



**3** Escoita e arrodea segundo soe o e.



Soa coma **pera**



• serra      • sesta      • cera

• tren      • remo      • raqueta



Soa coma **mel**



• mesa      • negro      • medo

**4** Le en voz alta pronunciando o e como se indica en cada caso.

Coma en **pera**

cesto	esqueleto	feo
pena	nena	verza

Coma en **mel**

sete	terra	herba
cen	martelo	ferro

# Coñecemos o que nos arrodea

As persoas **coñecemos** o que nos arrodea grazas aos nosos **sentidos**.

Podemos recoñecer os obxectos, as súas formas, as súas cores e os seus tamaños; tamén recoñecemos sons, sabores, olores, etc.

Ademais, recoñecemos outras persoas e as súas características físicas, e podemos saber como se senten.

## Relacionámonos e convivimos

As persoas **relacionámonos** cos demais, **movémonos**, actuamos no noso medio, comunicámonos e mostramos os nosos sentimentos.

Convivimos con persoas que teñen sentimentos e emocións moi diferentes. É importante saber como se senten os que nos arrodean e esforzarnos en mostrar cariño, amizade e alegría.

Para expresar os nosos sentimentos e as nosas emocións podemos utilizar as palabras, pero tamén os mostramos mediante os xestos e as posturas do noso corpo.



► **Explica como podes coñecer como se senten os que te arrodean.**

**1** Que sentidos che permiten coñecer como se senten as persoas que nos arrodean? Marca.


O oído e o olfacto.

O oído e a vista.

**2** Cando te sentes así? Escribe.

Síntome feliz cando \_\_\_\_\_

Enfádome cando \_\_\_\_\_

 **3** Le esta páxina do diario dun neno. Despois, escribe no diario algo que che pasou hoxe e como te sentiches.

2 de outubro

Hoxe vin moi contento do colexio porque a miña amiga Patricia gañou o torneo de xadrez.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



As persoas coñecemos o que nos arrodeia mediante os sentidos.

As persoas mostramos os nosos sentimentos e recoñecemos os sentimentos dos demais.










**1 Localiza na lámina e escribe o número correspondente.**

<input checked="" type="checkbox"/> 9	bailar	<input type="checkbox"/>	camiñar	<input type="checkbox"/>	baixar	<input type="checkbox"/>	subir	<input type="checkbox"/>	lanzar
<input type="checkbox"/>	xutar	<input type="checkbox"/>	descansar	<input type="checkbox"/>	erguer	<input type="checkbox"/>	saltar	<input type="checkbox"/>	correr

**2 Adiviña a palabra anterior de que falamos.**

Dás co pé para meter un gol. 

Necesitas unha corda para facelo. 

Adoitas facelo cando escoitas música. 

**3 Marca as palabras seguindo o código.**

 SON XOGOS



esquí

parchís

 SON DEPORTES



judo

natación

pita cega


dominó

**4 LINGUA POPULAR. Canta a cantiga popular e apréndea.**

**Polo río abaixo vai**

Polo río abaixo vai  
 unha troita de pé,  
 corre que te corre  
 quen a puidera coller;

quen a puidera coller,  
 quen a puidera pillar.  
 Polo río abaixo vai  
 unha troita de pé.



# Vivimos en familia



A familia está formada por persoas de diferentes idades. As persoas dunha familia quérense, axúdanse e respéctanse. Todos deben colaborar nas tarefas da casa onde viven.

Hai distintos tipos de familias. Hai familias grandes e familias pequenas. As familias cambian co paso do tempo. Por exemplo, cando nace un bebé prodúcese un cambio na familia.

Na familia aprendemos desde pequenos o que necesitamos para vivir. Aprendemos a falar, a querer os outros, a compartir e a axudarnos.


A familia tamén a forman outras persoas que non viven na nosa casa, como os avós, os tíos e as tías e os nosos curmáns e curmás.

► Conta algún cambio que sucedese na túa familia hai pouco tempo.



Hai moitos avós que viven cos seus fillos e netos na mesma casa.

**1 Debuxa a túa familia. Despois, completa.**



O meu primeiro apelido é

É o apelido de

O meu segundo apelido é

É o apelido de

**2 Completa.**

avós

tíos

curmá

Os pais dos meus pais son os meus

A filla do meu tío é a miña

Os irmáns dos meus pais son os meus

**3 Quen o fai na túa casa? Escribe.**





Na familia aprendemos a convivir. Todas as familias son diferentes.

# O punto e a maiúscula

## 1 Arrodea as palabras con maiúscula seguindo o código.



 Palabra inicial do texto.

 Palabras que van despois de punto.



Escríbense con **maiúscula inicial** a primeira palabra dun escrito e as palabras que van despois de punto.

## 2 Completa o texto con maiúsculas.

Quéresme coñecer?

la, chámome Mar. eño 7 anos.

que máis me gusta é xogar

ao baloncesto. amén me gusta

nadar. al é o teu deporte preferido?



## 3 Contesta. Non esquezas a maiúscula inicial.

• Cal é o teu deporte favorito?

• Cando adoitas practicalo?



- 4 Copia seguidas estas dúas oracións. Non esquezas o punto nin as maiúsculas.

móvete e fai deporte

sentiraste mellor

- 5 **DITADO.** Prepara o ditado para facelo no caderno. Fíxate ben nas palabras con maiúscula.

### Un novo colexio

**E**ste ano cambiei de colexio. **O** primeiro día estaba un pouco nerviosa. **P**ero todo foi xenial. **O**s meus compañeiros son moi simpáticos. **E** encántame o novo colexio!



### PARA ESCRIBIR MELLOR

- 6 Separa tendo en conta o número de palabras e copia.

4 palabras ► Mariña salta á corda.

Mariña salta

6 palabras ► Roie Breixo gana o fútbol.

- 7 Escribe unha oración de cinco palabras e sepáraas ben.

# Convivimos con moitas persoas

Vivimos rodeados de moitas persoas.

Ademais da nosa familia, relacionámonos cos **amigos**, coas **persoas do colexio**, cos **veciños** e con outras persoas que viven no mesmo barrio, aldea, vila ou cidade.

## As normas de convivencia

Para convivir pacificamente coas persoas que nos rodean debemos respectar unhas **normas de convivencia**.

As normas de convivencia indícanos como debemos comportarnos en diferentes situacións.

- Hai normas sobre como comportarse no colexio. Algunhas son: chegar puntuais, falar nun ton adecuado, xogar e traballar con todos os compañeiros, etc.
- Existen outras normas sobre o comportamento dos veciños dun barrio; como respectar as horas de descanso, utilizar as papeleiras, coidar as zonas comúns, etc.

A axuda e a colaboración entre as persoas son importantes para a convivencia.

- ▶ Di dúas normas de convivencia na túa familia.



- 1** Debuxa dúas persoas que coñezas e coas que convivas todos os días.  
Responde as preguntas.

Quen é?

Cantos anos ten?

Que adoitades facer xuntos?



Quen é?

Cantos anos ten?

Que adoitades facer xuntos?



- 2** Marca as oracións que explican normas de convivencia.

- É importante coidar o material do colexio.
- Podes colaborar na casa axudando a levar as bolsas da compra.
- O colexio está pechado por vacacións.
- Debemos ser amables cos que nos arrodean.



Relacionámonos e convivimos con moitas persoas: os amigos, os compañeiros, a familia e os veciños.

Para convivir pacificamente temos que respectar unhas normas de convivencia.

# Escribo textos

## 1 Escolle e contesta.

- Como es?

alto/a baixo/a delgado/a gordo/a

- Como tes o cabelo?

liso rizo longo curto

- De que cor é?

roxo rubio castaño negro

- Como din os amigos que es?

tímido/a simpático/a bromista

## 2 Marca. Que che gusta facer?

ler



xogar



facer deporte



## 3 Explica como es.

### Así son eu

Chámome . Son .

Teño o cabelo , de cor

. Gústame

e os meus amigos din que son .



## O mellor amigo dun mongol

Os mongois viven en Asia. Hai moito tempo, os mongois vivían en tribos que non paraban de viaxar. Cada rapaz mongol recibía un cabalo e xa non se separaban nunca un do outro.

Cada mañá, o rapaz subía ao cabalo e non baixaba en todo o día. Comía enriba do cabalo. E, se adormecía, o cabalo decatábase e paraba nun lugar á sombra. Alí quedaba parado ata que o amo espertaba.



► Arrodea. De que falamos?



**1 Busca e copia.**

Cada rapaz mongol recibía

**2 Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).**

- Os mongois non sabían montar a cabalo.
- Cada rapaz mongol tiña un cabalo.
- Os rapaces baixaban do cabalo para comer e durmir.

**3 Escribe. Que aprendiches sobre os mongois?**



## Elaborar carteis coas normas da aula

Comezou o colexio e algúns compañeiros aínda non saben comportarse na clase... Mira o que fan os alumnos do debuxo.



Será mellor que elaboremos uns carteis coas normas de comportamento para que todos as coñezan e as cumbran.

- 1** Colorea de azul os comportamentos que sexan adecuados e de vermello os que non o sexan.

compartir o material  
cos compañeiros

erguer a man e esperar  
a vez para falar

tirar os papeis  
ao chan

apoiar a cadeira sobre  
dúas patas

escoitar con respecto o  
profesor e os compañeiros

- 2** Escribe as normas que cres que non cumpren os nenos.



\_\_\_\_\_


\_\_\_\_\_




- 3 Completa o cartel desta norma coas palabras axeitadas.

grazas      por favor

Cando pido as cousas  
digo   
e despois dou as  
.



- 4 Seguindo o modelo anterior, pensa ti agora outra norma para a clase. Escríbea e fai un debuxo que a represente.



- Poñede en común as normas que pensastes e decidide cales son as máis importantes para elaborar os carteis.

- 5 Fai nunha cartolina o cartel dunha norma importante. Escribe con boa letra e non esquezas poñerlle un debuxo.


## ACTIVIDADES DE REPASO

1 **Escribe dous nomes de linguas en cada caso.**

Fálanse en Galicia.

\_\_\_\_\_


\_\_\_\_\_



Fálanse no estranxeiro.

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



2 **Marca as correctas.**

- Escríbense con maiúscula inicial as palabras que van despois de punto.
- Escríbense con maiúscula inicial todas as palabras.
- Escríbese con maiúscula inicial a primeira palabra dun escrito.

3 **Pensa tres cousas que fixeches esta mañá e escríbeas seguidas. Non esquezas poñer os puntos e as maiúsculas.**

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

4 **Escribe. Que fai cada un?**

descansa

salta

camiña



\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



**5** Completa o resumo coas seguintes palabras.

articulacións    mover    ósos    músculos    esqueleto

No interior do noso corpo encóntranse os . Os ósos forman o  e únense nas . Os  son fortes e permítennos  o corpo.

**6** Que grupo forma unha familia? Marca.



**7** Marca a oración verdadeira.

- Todas as familias teñen os mesmos membros.
- No colexio só nos relacionamos cos nosos amigos.
- Existen normas de convivencia na familia, no colexio e no vecindario.

**8** Escribe algunhas normas de convivencia do colexio.